



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1 (EXPDTE. 2022/E001/000013)

FASE DE CONCURSOS. VALORACIÓN DE MÉRITOS.

En Ordes, a 17 de febreiro de 2023, sendo as doce horas e trinta minutos reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar, Ordes o Tribunal que ha de xulgar o PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1, convocada por resolución de alcaldía nº 1502/2022, de data 1 de decembro de 2022.

Asisten:

. **Presidente:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

. **1º Vogal:** María José Nartallo Penas, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional [asistencia por medios electrónicos, videoconferencia (art. 17.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, LRXSP).

. **2º Vogal:** José Alberto Moar Tobío, Escalade Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Administrativa.

. **3º Vogal:** Pilar Rey Rodís, Escalade Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Administrativa.

. **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente ao exame das reclamacións presentadas contra a baremación provisional dos méritos alegados na fase de concurso, que son as seguintes:

1.- Reclamación presentada por **Marta Souto Val**, con DNI nº ***9024**, data 13/02/2023, rexistro de entrada nº 202399900000332, solicita que se proceda á valoración como mérito (Titulación) do Posgrao de Especialista en Administración Local da Universidade de Santiago xunto co título de Licenciada en Dereito.

De acordo coa Base 6 reguladora desta convocatoria, non se terán en conta, para os efectos de valoración como mérito, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

O título universitario de licenciada en dereito foi a vía de acceso para a obtención da titulación universitaria de posgrao, polo que non pode ser obxecto de valoración.

O Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada.

2.- Reclamación presentada por **María Nuria Gil Estupiña**, con DNI nº ***3384**, data 16/02/2023, rexistro de entrada nº 202399900000378, solicita que se proceda á valoración como mérito (Servizos prestados) dos servizos prestados como auxiliar administrativa e administrativa no Consejo Comarcal de la Ribera del Ebro, aportando os correspondentes certificados de servizos prestados xunto coa reclamación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

De acordo coa Base 5.1 reguladora desta convocatoria, so se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus aspectos, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

O informe de vida laboral presentado xunto coa instancia non acredita os servizos prestados ante unha administración pública na praza obxecto desta convocatoria específica.

O Tribunal acorda desestimar a reclamación presentada.

3.- Reclamación presentada por **Alba Andrea Reino Rey**, con DNI nº ***7875**, data 14/02/2023, rexistro de entrada nº 202399900000343, solicita a valoración como mérito (Titulación) do título de licenciada en dereito, aportando copia do título xunto coa reclamación.

De acordo coa Base 5.1 reguladora desta convocatoria non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus aspectos, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

O Tribuna acorda desestimar a reclamación presentada.

4.- Reclamación presentada por **Iria Ponte Reiriz**, con DNI nº ***1715**, de data 16/02/2023, rexistro de entrada nº 202399900000373, solicita:

I.- Valoración como mérito (Titulación) do título de licenciada en dereito xunto co título de máster universitario en asesoría xurídica de empresas.

De acordo coa Base 6 reguladora desta convocatoria, non se terán en conta, para os efectos de valoración como mérito, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

O título universitario de licenciada en dereito foi a vía de acceso para a obtención da titulación universitaria de posgrao, polo que non pode ser obxecto de valoración.

II.- Valoración como mérito (Formación profesional) a totalidade das accións formativas presentadas xunto coa solicitude de participación neste proceso selectivo.

Non foron obxecto de valoración os cursos polos motivos seguintes:

1. Certificado Galego de Competencias Dixitais en Ofimática: 190 horas. Xunta de Galicia.

Os cofecementos adquiridos nesta acción formativa enténdense incluídos nas accións formativas de preparación para o CODIX (Libreoffice writer, Base, Calc.).

Segundo a Base 6 reguladora desta convocatoria, non se terán en conta os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a 5 anos, desde a finalización do primeiro curso.

2. Cursos:

-Organización y simplificación de tareas ofimáticas con Libreoffice: 100 horas. Certificado por Sean Serios, S.L., propietaria plataforma de formación "cursoseficientes". Acreditado por Universidad Antonio de Nebrija.

-Curso completo sobre protección de datos de carácter personal: 90 horas. Certificado por Sean Serios, S.L., propietaria plataforma de formación "cursoseficientes". Homologado por AGASP.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes: 35 horas. Certificado por Sean Serios, S.L., propietaria plataforma de formación "cursoseficientes". Homologado por AGASP.

De conformidade coa Base 6 reguladora desta convocatoria, unicamente son obxecto de valoración as accións formativas desenvolvidas directamente nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua. Non aqueles cursos realizados en entidades privadas de formación e acreditados ou homologados por universidades ou administracións públicas.

3. Procesador de textos Libreoffice Writer II: 7,5 horas. Xunta de Galicia.

Os coñecementos adquiridos nesta acción formativa enténdense incluídos na acción formativa de preparación para o CODIX (Libreoffice writer, 25 horas. Xunta de Galicia).

Segundo a Base 6 reguladora desta convocatoria, non se terán en conta os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a 5 anos, desde a finalización do primeiro curso.

4. Congreso sobre Urbanismo y Cultura: de la Cultura Urbanística al Urbanismo de la Cultura: 30 horas. U.S.C.

De conformidade coa Base 6 reguladora desta convocatoria, non serán obxecto de valoración a asistencia a congresos.

5. Cursos:

- **PROEMGA. Programa de formación y acompañamiento para la mejora del emprendimiento juvenil: 64 horas. Fundación Galicia Innova.**
- **Curso sobre Integración Europea y Derecho Privado: 40 horas. U.S.C.**
- **Reforma do Código Penal, L.O. 1/2015: 60 horas. Consello da Avogacía Galega.**
- **Atención Xurídica a Víctimas de Violencia de Xénero 2020: 300 horas. Consello da Avogacía GaLEGA.**
- **Dereito de Estranxeiría 2022: 100 horas. Consello da Avogacía Galega.**
- **Un ano de conflitos xurídicos. Da Doutrina Parot ao caso Prestige: 30 horas. U.S.C.**
- **Curso Superior en Arbitraje en Litigios Comerciales, Empresariales e Inmobiliarios: 200 horas. Instituto Europeo de Asesoría Fiscal.**

De conformidade coa Base 6 reguladora desta convocatoria, o contido destas accións formativas realizadas non está directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria.

O Tribunal acorda desestimar a totalidade das reclamacións presentadas.

Vista a resposta do Tribunal ás reclamacións presentadas, acorda elevar a definitivas as valoracións provisionais dos méritos dos aspirantes que concorre a esta convocatoria, que son as seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	TITULACIÓNS ACADEMICAS OFICIAIS	SERVIZOS PRESTADOS	FORMACIÓN PROFESIONAL	IDIOMAS	LINGUA GALEGA	VALORACIÓN TOTAL	PUNTUACIÓN TOTAL FASE DE CONCURSO
ALONSO BLANCO CLAUDIA	***1819**	2,00	0,00	0,00	1,90	0,00	3,90	0,78
BERMUDEZ RIVAS,	***7341**	0,00	4,30	4,00	0,00	0,00	8,30	1,66



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

MARIA DEL CARMEN								
BOQUETE BOUZAS, OLALLA	***3716**	3,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3,00	0,60
BRAÑAS CASAS, ANA MARÍA	***6541**	2,00	0,00	1,40	0,00	2,00	5,40	1,08
COIRA LOPEZ, MARÍA JOSE	***8594**	4,00	0,80	1,00	0,00	0,65	6,45	1,29
DIAZ MIRAS, MARIA DEL CARMEN	***0717**	2,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,40
DOVAL PAZOS, BRAIS	***0912**	2,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,40
GARCIA LING, ALVARO	***7011**	2,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,40
(*) GIL ESTUPIÑA, MARÍA NURIA	***3384**	1,50	0,00	4,00	0,00	0,00	5,50	1,10
GUZMAN GUZMAN, ALICIA	***5553**	3,00	0,00	2,80	0,00	0,00	5,80	1,16
IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO	***5547**	2,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	0,40
LEMA AMADO, NOELIA MARIA	***5112**	2,00	0,00	4,00	1,30	1,50	8,80	1,76
MUÑOZ FERNÁNDEZ, DAVID	***5038**	2,00	0,00	3,65	2,65	0,00	8,30	1,66
NIETO POSE, CARMEN	***6133**	1,50	0,00	4,00		2,00	7,50	1,50
PINTOS CAPEANS, JESUS MANUEL	***8675**	3,00	0,60	0,00	0,00	0,00	3,60	0,72
PONTE REIRIZ, IRIA	***1715**	3,00	0,00	1,90	1,30	1,50	7,70	1,54
REIGOSA LOMBAO, AGOSTIÑO	***5500**	2,00	4,20	4,00	0,00	0,00	10,20	2,04
REINO REY, ALBA ANDREA	***7875**	0,00	1,30	4,00	0,00	1,50	6,80	1,36
RODRIGUEZ BENLLOCH, FERNANDO	***3896**	2,00	0,40	0,00	0,00	0,00	2,40	0,48
RUIZ VALENCIA, ALBERTO	***0836**	2,00	0,00	0,50	0,00	0,00	2,50	0,50
SANCHEZ FERNANDEZ, ALMUDENA	***4156**	2,00	0,00	4,00	1,30	1,50	8,80	1,76
SANTIN CASTRO, HUGO	***8211**	3,00	0,00	0,65	0,00	0,00	3,65	0,73
SOUTO VAL, MARTA	***9024**	3,00	0,00	4,00	0,00	0,00	7,00	1,40
VEIRA FERRIN, DANIEL	***8328**	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

Polo tribunal acórase publicar a baremación definitiva da fase de concurso na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello, con indicación da puntuación obtida por cada un dos aspirantes.

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección elevando a definitiva a baremación da fase de concurso, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as trece horas do día ao principio sinalado.

Ordes, 17 de febreiro de 2023

O Presidente

Javier Siro Suárez Rodríguez

O Secretario

Juan Luis González Iglesias